




Vellos con historia

Valorar os avós en tempos de TIC

Miguel Albrára Pérez
Profesor de Xeografía e Historia
IES Pedregal de Irínia
Meira (Lugo)
miguelabrara@edu.xunta.es

A experiencia iniciábase coa recollida de historias de tradición oral e lévase a cabo, no curso 2008/2009, con alumnos de cuarto da ESO, cando o autor deste artigo ocupaba a praza no IES Pedregal de Irínia (Meira, Lugo). Con ela pretendíase traballar as competencias básicas, descubrir e comprometerse co patrimonio tan rico como fráxil e sobre todo, axudar a saltar a fronteira existencial entre os tempos e espazos e cambiar os tempos e espazos, a favor dos vellos, as aulas ou as persoas. Repárese neste último concepto. Persoas. Non falo xa de profesores. Falo de adultos, de pais e, desde logo, dos avós. Dos vellos. Refírome a esas voces da experiencia hoxe silenciadas ou obviadas, que non entenden de tícs, nin de useabés, nin de adesealés, nin de guguéis, ... pero que, en realidade, saben coma ningún das cousas da vida. Dos valores necesarios para vivir.



outsos artigos

A ciencia na educación infantil
Grupo de traballo Torque*vidal@edu.xunta.es

Vellos con historia
Valorar os avós en tempos de TIC

Tras os pasos de A Esmeralda
Un percorrido pola arte e a historia de Ourense

relacionados

Vellos con historia

cariligas (mp3)
remedios para as doenzas (mp3)



Os tempos mudan, e con eles a percepción do mundo que nos rodea. A aula, o profesor, a escola, a familia, a voz dos maiores, ou a mesma experiencia, perden peso e posición de privilexio na balanza de referencias vitais do alumno, fronte á internet, as redes sociais, e demais elementos desta nova sociedade da información e a comunicación. A modernidade, con todo o que de bo trae (novos accesos, liberdades e posibilidades), tamén está a poñer contra as cordas as canles de comunicación e transmisión de coñecemento tradicionais, nos que inevitabelmente debemos incluír os tempos, as aulas ou as persoas. Repárese neste último concepto. Persoas. Non falo xa de profesores. Falo de adultos, de pais e, desde logo, dos avós. Dos vellos. Refírome a esas voces da experiencia hoxe silenciadas ou obviadas, que non entenden de tícs, nin de useabés, nin de adesealés, nin de guguéis, ... pero que, en realidade, saben coma ningún das cousas da vida. Dos valores necesarios para vivir.

De aí que o resultado deste traballo sexa precisamente un blog:
<http://www.vellosconhistoria.blogspot.com/>



Plaza antiga de Meira. Festa diante da igrexa

Os obxectivos


En principio, intentámos superar os límites espaciais da aula como marco de traballo propio da materia e empregamos o contorno máis próximo e coñecido para xerar coñecemento. Aproximamos a materia de estudo ao mundo no que viven decote os alumnos, para dotala dun sentido práctico.

A un tempo, desexámos fomentar o coñecemento e unha valoración máis xusta dos máis novos cara aos máis vellos, especialmente os seus propios avós, cos que en moitos casos estes alumnos, de procedencia e contexto inequivocamente rural, conviven a diario.

Pero tamén considerámos proveitoso que aprendesen a investigar. Pensamos que cuns obxectivos, un método e un prazo de tempo, serían quen de saber como obter información, xestionala e xerar coñecemento.

Todo isto contribuiría a fomentar nos alumnos o desenvolvemento das competencias básicas. Dar uns pasos (quizá á breves, pero importantes) no camiño da súa realización persoal. Ter un espazo novo no que traballar e ensaiar as habilidades ligadas ás competencias.

E tamén, como non, conciliar na medida do posible o valor da tradición (todo ese coñecemento recollido e elaborado por eles) coas oportunidades que nos ofrece a modernidade das novas tecnoloxías, creando neste caso un blog colectivo <http://www.vellosconhistoria.blogspot.com/> para a adecuada transmisión do recollido.




Texto manuscrito, entregado por un avó

Os contidos

Os contidos deste proxecto non entroncan con ningunha unidade didáctica, en concreto, das que conforman a materia de Historia en cuarto da ESO. Trínbase, máis ben, de atender algo que, aínda non figurando no programa, nos fa permitir traballar, de maneira dificilmente equiparable, aspectos metodolóxicos propios da disciplina, e ademais a gran maioría das competencias básicas a adquirir, segundo a LOE, polo alumnado en etapa de educación obrigatoria.

Ao tratarse dun traballo de investigación centrado nas persoas (e non en fontes materiais, nin obxectos), os temas á hora de enfrontar o proxecto debían ser abertos. Ante todo pretendíase que os alumnos escotasen os informantes, sen conducir excesivamente as conversacións, que quenamos o máis naturais e prazenteras posibles (para as dúas partes: alumno e avó).

Aínda así, facilitáronse pistas relacionadas co universo popular tradicional, que lles servisen de guía á hora de preguntar e que lles permitisen, clasificar os achados, segundo as lendas e os mitos dosen de "moursos", "encantos", "ánimas", "nubeiros", "polavias" etcétera. De tal modo que os propios resultados dos traballos serían finalmente os que xerarian, ordenarían e clasificarían adecuadamente os contidos, como así se pode ver no blog, na columna da dereita en "Categorías".



A ocoilla, un bo lugar para as entrevistas

A metodoloxía

Sempre hai un modo de facer e, neste caso, o método debía atender os seguintes puntos:

- Persoas**
- Os alumnos debían ter presente que non íamos traballar con cousas e nin tan sequera con historias, senón con persoas. Persoas de idade avanzada. Por iso, se eran eles os que nos ían atender e achegar o coñecemento que buscábase, o mínimo que debíamos ofrecer a cambio era respecto, paciencia e mente aberta ao que eles quixesen contar, e tamén ao cando, como e onde o quixesen facer. Debían saber o que estábamos realizando (un traballo para a clase) e que queríamos exactamente (recopilar a maior cantidade posible de nomes, con criterios de calidade). Tamén tiñan que facerse con algúns datos dos entrevistados, como nome, idade e parentesco co alumno.
- Espazo**
- Aproveitando a procedencia rural do alumnado, cada un, individualmente, encargábase de maior ou traballo na súa aldea ou lugar de orixe, entrevistando os seus avós e a tantas persoas máisiores como lles fose posible. A proximidade da familia, ou a vecinanza daría a confianza necesaria para que as conversacións puidesen darse de xeito libre e fluído. A un nivel máis concreto, recomendábase abordar as conversacións en lugares tranquilos, sen ruidos nin interrupcións, e o máis naturais posibles. Tendo en conta o simbolismo que nesta zona teñen, aconsellábase as cocinas das casas, con lume, baixo unha prancha de ferro e un banco corrido por detrás. Debía tomarse nota, con cada relato recollido, do lugar no que foron escoitados (nome do lugar, parroquia e concello).
- Tempo**
- Déronos uns corenta días para a investigación, coincidentes en gran medida coas vacacións do Nadal. Debían citar sempre os interlocutores e informados previamente. Aínda que era necesario aproveitar ao máximo cada encontro con eles, resultaba imprescindible concederlles marxes de tempo e liberdade suficiente para que puidesen contar o que saben, que ás veces xa non lembran ben.
- Medios**
- Non empregámos ningún cuestionario. As conversacións debían ser libres, sen aladura ningunha e gozadas por ambas as partes, non se esperaba que pretendámos anotar o alumnado que quixese a saltar unha fronteira xeracional). Deixámos á elección de cadaquén o recurso a utilizar para registrar a información, aínda que se recomendou (por ser máis cómodo e asegurar unha maior fidelidade) o segundo dos que se indican:
- Tomar nota nun caderno.
 - Gravar o son, co consentimento dos informantes.
 - Gravar o son e a imaxe, tamén coa previa aceptación dos informantes.


Ademais, solicitouse a recollida de fotos antigas, nas que pudiera estar retratada algún xeito a sociedade da que se nos falaba.

Temas

Unha vez recollidos, os relatos ou contidos debían entregarse nun traballo mecanografiado, no que aparecesen debidamente clasificados por temas (as gravacións debían transcribirse e achegarse). A partir de aí, créanse as categorías que poden verse no blog. A investigación (descrición do lugar, persoas entrevistadas, métodos, resultados) debía ir acompañada dunha valoración persoal do traballo, na que figurasen as opinións, impresas e, sobre todo, unha opinión: o pousou que a cada un lle deixara o traballo.

Blog

A riqueza dos resultados resultou formidable e desde logo unha gratificante sorpresa para todos, especialmente para os propios alumnos. Por iso, unha vez organizados e debidamente clasificados, trasladáronse todos os contidos ao blog no que deo o proxecto, o que nos permitiu desenvolver a sociedade (con custo cero) toda a tradición oral recollida.



Ella conversa con unha das avós participantes

Como se viviu a experiencia

O día que repartín e expliquei detalladamente o guión de traballo, algúns alumnos tomarón con reparo e incluso con algúnha protesta. A persá do premio (coñecemento difícil) que podía supoñer sobre a nota final, as reaccións máis claras centrábanse nos seguintes argumentos:

- Dúbida respecto da idea de que os vellos tivesen algo útil ou interesante que dicir: "Si, e que che van contar?". Pregúntase á hora de sentar a falar longamente con eles.
- Medo a non ser capaces de preguntar, nin de extraer información, nin de obter resultados positivos. Investigar con fontes trais era algo absolutamente novo para eles.
- Unha alumna, especialmente belixerante, lembraba no seu escpticismo acerca da relación deste traballo coa materia, ou mesmo co nivel: "Pero por que temos que facer nos isto"?... O curso é que este traballo era só unha opción (a máis complexa) a escollir libremente entre dúas.

Estes problemas iniciais, que eu tratei de resolver naquela primeira sesión achegando toda a motivación e confianza que puiden, foron cuestión de tempo: o que tardaron en saír a preguntar e comprobar as reaccións e a aberta colaboración da xente:

Nun principio non estaba moi animada coa idea, xa que me daba preguiza pero, despois de entrevistas a primeira señora, quedáronme ganas de seguir facéndoo con máis veciñas, xa que as historias que me contaban divertíanme e intrégábase seguir sabendo novas historias.

Ao cabo dunha semana, aquela alumna máis belixerante bombardeábons durante as clases con narracións e preguntas xurdidas das súas conversacións cos veciños. Estaba entusiasmada, e non era a única.

Sen ser un problema en si, o método para recoller a información foi punto habitual de debate. Das tres opcións recomendadas (tomar notas, gravar son ou gravar imaxe), só unha persoa optou polo vídeo, aínda que non para gravar as conversacións, senón para documentar algún dos lugares aos que se refirían os veciños nos seus relatos. O resto decantouse polas anotacións en caderno e pola gravación de son:

O meu método para entrevistarme a meus avós de Muimenta foi gravalos e despois escobar de máis cousas. En cambio iso non se esqueza a idea de pretendámos anotar o alumnado que quixese a saltar unha fronteira xeracional, decidín comezar por preguntar, coma quen non quere a cousa, a meus avós, a ver se sabían algo. Ao principio dicían que non se lembraban de nada e pensei 'tal como eu dicía'. Pero pasados uns días vin que volvían a min para contarme cousas sobre as que eu lles preguntara en días anteriores, entón comencei a sentir curiosidade (...). Pero non só eu estaba entusiasmada, senón que eles mesmos, as persoas coas que falei, o estaban (...). Polo tanto, a miña valoración persoal cambiou (...). De ver que todo isto non valería para nada, ata chegar a pensar que isto se debería de ter feito moito antes (...). Dentro duns anos, ao mellor vouo facelo (...). Espero que todos tiveran o pracer de botar unhas risadas como eu botei sentada no banco mirando para as persoas que se poñían un pouco máis felices ao ver que nós, a vinte nova, gozábame coas súas historias.

Case sempre o uso dun ou doutro método dependía da vontade dos informantes, o que en ocasións deu lugar a terceiras vías, sorprendentes e inesperadas:

Tamén empreguei un método que non viña especificado no guión a seguir: Meu avó Alfredo, como non quería ser gravado, decidín escribir do seu propio puño e letra algúns dos contos que sabía.

E mesmo o método usado tamén variaba:


...segundo os utensilios que tivera a man en cada momento, ou que, como é normal, a información non sempre xurdía no momento da gravación.

De feito, quizá o maior reto ao que se enfrontou o grupo foi o de traballar a competencia lingüística loitando coas reais da vellez:

Moitos deles contábanme refráns e historias que aparecían con anterioridade no Luar, ou mesmo non traían libros dos que pensaban que podería sacar algo útil. Estaban en que non lograrían darnos información útil (...). Finalmente, tras insistir no mesmo tema e realizar algunhas, ou buscar exemplos para facilitarles recordar, ou incluso asociar os conceptos, comezaban a lembrar pequenas historias, das cales posiblemente non falarán moitas veces.

Tiven que insistir moito para que me contaban as historias, xa que moitas veces non a acababan e sempre acababan con outras, ou comparaban o pasado coa actualidade, e finalmente acababan falando da actualidade.

Á hora de transcribir, independentemente do método empregado, acordámos intentar recoller as historias máis e, non tanpouco a súa lingüaxe, que ten un valor en si mesmo e tamén achega información. Iso explicámos algúns relatos, unha vez transcritos, presenten castelanismos ou expresións cologais, sen os cales xa non serían fel expresión da sociedade que os transmitiu.



O equipo de novos investigadores

Valoración

Os dezasete alumnos participantes lograron recoller un total de 849 narracións, a partir de encontros con total de 75 persoas en 16 núcleos de 7 concellos diferentes (A Pastoriza, Baleira, Cospeito, Castrolverde, Meira, Pol e Ribeira de Piquín).

Porén, o maior logro foi o valor que os propios alumnos lle acabaron dando a este traballo. Nas súas valoracións, vertidas tamén ao blog, moitos sorprendíanse de que a xente fora buscalos á casa para contarlles contos en momentos en que o alumno xa non estaba a fazer o traballo, algúns descubriron con agrado habilidades ou vivencias de avós ou familiares máis vellos que descoñecían, e a maioría facía constar, dalgún modo, como se foron entusiasmando, co proxecto e lamantándose de non haber feito isto antes. A mesma alumna belixerante do principio, acaba o seu texto así:

En primeiro lugar, debo recoñecer que eu nunca estiven de acordo con esta iniciativa, parecíame moi complexa para uns alumnos de 4º da ESO (...), en fin non lle atopaba sentido (...). Tras uns días pensando, decidín comezar por preguntar, coma quen non quere a cousa, a meus avós, a ver se sabían algo. Ao principio dicían que non se lembraban de nada e pensei 'tal como eu dicía'. Pero pasados uns días vin que volvían a min para contarme cousas sobre as que eu lles preguntara en días anteriores, entón comencei a sentir curiosidade (...). Pero non só eu estaba entusiasmada, senón que eles mesmos, as persoas coas que falei, o estaban (...). Polo tanto, a miña valoración persoal cambiou (...). De ver que todo isto non valería para nada, ata chegar a pensar que isto se debería de ter feito moito antes (...). Dentro duns anos, ao mellor vouo facelo (...). Espero que todos tiveran o pracer de botar unhas risadas como eu botei sentada no banco mirando para as persoas que se poñían un pouco máis felices ao ver que nós, a vinte nova, gozábame coas súas historias.

En xeral, todo o proxecto acabou sendo un premio. Polos contidos aprendidos, polos procedementos ensaiados e polas actitudes que esperaron en alumnos e avós. Dous os resultados están ordenados, revisados e dispoñibles para consultar, tozar ou ampliar por calquera que o desexe, é un valor que lográmos engadir ao que xa de por si goza o patrimonio inmaterial recollido. Finalmente, que a experiencia fose merecedora dun Premio de Innovación Educativa non fai máis que pechar o círculo dun traballo que, inevitabelmente, xa forma parte do noso patrimonio persoal.

Esta experiencia foi Premio de Innovación Educativa 2009, Xunta de Galicia

- Bibliografía**
- HERNÁNDEZ CARDONA, F. X. (2002) Didáctica de las ciencias sociales, geografía e historia. Barcelona, Edtorial Gedó.
- Lexislación**
- LOE 2/2006 do 3 de maio.
- [Imprimir páxina](#)